



CIG

Boletín
Sindical

Nº 23 - 2018

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Enerxía ao servizo do pobo galego

O sector enerxético é estratéxico para Galiza. Somos subministradores de electricidade para o resto do Estado e, malia os custos sociais e ambientais do espolio, os nosos recursos non están ao servizo nin do pobo galego, nin do desenvolvemento industrial.



A CIG defende a necesidade de iniciativas reais para garantir que o sector da enerxía sexa un auténtico servizo público que reverta no desenvolvemento económico e industrial do noso país, permita a creación de emprego e combata a pobreza enerxética.

O constante incremento dos prezos da electricidade demostra que o actual marco regulatorio e tarifario está sometido aos oligopolios eléctricos. Os suplementos territoriais que se veñen de anunciar van castigar o noso país por ser produtor.

Isto fai perigar o futuro de moitos postos, provoca o aumento de familias que non poden pagar as facturas e impide un desenvolvemento industrial que cree traballo e free a sangría da emigración.

O anuncio do peche da fábrica de Alcoa na Coruña é unha das máis claras e dramáticas manifestacións desta situación. Está en risco unha empresa con preto de 400 operarios/as, nun

sector estratéxico como o do Aluminio. Unha situación que revela a urxencia de contarmos cunha regulación xusta e equitativa, que rache coa incerteza que provoca a poxa anual do sistema de interrompibilidade e que compromete o futuro e viabilidade da nosa industria de base.

A CIG vén de propor a creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, baixo o cumprimento dunha serie de requisitos, que recoñeza o estatus específico deste tipo de industrias grandes consumidoras de enerxía.

A central presentará ademais no Parlamento unha ILP de "Medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos no territorio de Galiza" que procura revertir á

xestión pública estas infraestruturas; a revisión de todas as concesións galegas, para ver se cumpren as cláusulas establecidas e que, 3 anos antes de

que remate unha concesión se inicien os trámites para a súa reversión, evitando que regrese ao negocio privado.

En xaneiro de 2016, a central sindical xa conseguiu que o Parlamento aprobase outra ILP a prol dunha tarifa eléctrica galega e contra a pobreza enerxética cuxo contido

foi pervertido polo PP no seu posterior trámite parlamentario.

Do rescate de concesións xa hai exemplos prácticos en Aragón, que reverteu ao control público a primeira en 2013 e rescatou outras tres máis na conca do Ebro. É por isto que esta ILP non debería ter a oposición de ningunha forza política no Parlamento galego.

Pola creación dunha tarifa eléctrica xusta e equitativa para a industria electrointensiva.

O sector das ambulancias, en loita permanente contra a precariedade

A loita protagonizada polo persoal do transporte sanitario, lonxe de decaer, deu mostra nos últimos meses non só dunha fortaleza alicerzada na unidade e na aposta polo sindicalismo nacionalista, senón da capacidade para medir os tempos e prolongar a mobilización fronte ás tentativas precarizadoras dunha patronal con cada vez menor capacidade para impor o seu ditado.

Este conflito, centrado na reivindicación dun convenio digno, é demostrativo dos mecanismos de desposesión económica e roubo de dereitos ao conxunto da clase traballadora no marco do capitalismo, onde as Administracións entregan servizos públicos mediante baixas temerarias a concesionarias privadas que recortan dereitos de persoal e denigran a calidade asistencial.

Neste caso, auténticos “fondos-voitre” como Ambuibérica manteñen as negociacións do convenio bloqueadas, pretendendo laminar os salarios até nun 25%, aumentar carga de traballo ou reducir días libres, nun contexto onde a carga de traballo aumentou nun 20% e se estenderon os contratos ultraprecarios en prácticas.



Por se fose pouco, estas empresas rebaixan os estándares de seguridade, sobre todo no tocante á prevención dos riscos biolóxicos, mentres a Xunta mira para outro lado.

Esta mesma actitude do Goberno autonómico é a que mantén o sector das urxencias e emerxencias en pé de guerra, co persoal dos PAC ou 061 en folga, así como o conflito vivido no 112. En todos eles, as políticas de recortes, sumadas ás consecuencias da reforma laboral e da negociación colectiva, son froito dun marco favorábel aos intereses do capital en

detrimento das clases populares, fronte ao cal só é posíbel confrontar mediante a loita.

Seguindo esta vía, e lonxe dunha actitude submisiva, o persoal de ambulancias organizou durante o ano vixente seis xornadas de folga, pechouse en xullo no despacho do Conselleiro de Sanidade e mobilizouse nas diferentes áreas sanitarias, culminando cunha multitudinaria manifestación en Vigo o pasado 18 de outubro, sen descartar novas medidas de forza como retomaren os paros até lograr a rectificación da patronal.

A folga convocada nos PAC desenmascara a política de recortes sanitarios no Sergas

O falecemento dun doente no Punto de Atención Continuada da Estrada o pasado agosto deixou en evidencia a política de recortes aplicada pola Xunta na sanidade pública galega, centrada na precarización e redución de gasto en persoal, material e infraestruturas.

Nesta liña, e despois medio ano de mobilizacións sen lograr solucións por parte do Sergas, o persoal de medicina de familia e enfermaría dos PAC leva adiante desde o 16 de outubro unha folga que comprende nove xornadas

de paros, atinxindo alén deste día os 19,21,23,26,28 do mesmo mes, ademais dos 2,4,6,9 e 11 de novembro.

Reivindican, entre outras cuestións, a dotación de equipos completos médico/enfermeiro en todos os centros, con criterios que teñan en conta a carga asistencial e características da área a cubrir; respecto aos tempos de traballo e descanso do persoal; pago do 100% de complemento de nocturnidade e festividade; que non se aumente a xornada laboral e que

o seu exceso teña carácter voluntario; o cómputo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos, así como a dotación de equipos de protección individual a todo o persoal.

Para a CIG-Saúde, que o Sergas prolongue este conflito non fai máis que poñer de manifesto “a súa incapacidade para facer fronte á necesidades asistenciais, unhas relacionadas coa nosa demografía e outras ocasionadas pola xestión incompetente dos recursos humanos”.



Inferno nas obras do AVE: cantos máis teñen que morrer?

A cifra de nove persoas mortas desde o inicio das obras do AVE no treito que discorre pola provincia de Ourense é só a punta o iceberg do inferno de sinistralidade laboral e sobreexplotación padecida por milleiros de traballadores/as, na súa maioría chegados de Portugal, baixo a bota das UTE e subcontratas-voitre amparadas pola total falta de control da Administración.

Xunta, Inspección e Goberno central continúan cegos, xordos e mudos, ou mesmo pasando a pelota entre eles, a pesar das múltiples denuncias presentadas pola CIG, algunha delas resolta con sentenzas que corroboran excesos de xornada de 1.168 horas en 10 meses: contratan un traballador/a para que realice a xornada de dous, ampliando a posibilidade de sufrir accidentes laborais.

Alén das xornadas inhumanas, coas que as subcontratas pretenden compensar os concursos á baixa das UTE, as empresas practican o “dumping social”, valéndose da vulnerabilidade dos traballadores/as transfronteirizos para incumprir a lexislación e os dereitos máis básicos, situándoos preto da escravitude.

Neste sentido, a CIG e a central portuguesa CGTP subscribiron un protocolo de colaboración co obxec-



tivo de responderen conxuntamente á sobreexplotación transfronteiriza e dignificaren as condicións de traballo independentemente do país de orixe.

Entres os casos máis graves, sucedidos tanto nas obras do ferrocarril como en infraestruturas públicas como a ponte de Rande ou as “humanizacións” das cidades galegas, sinalan a obriga de cobrar en negro, devolver parte do salario –que pode descender até os 4 euros/hora– cando retornan a Portugal, ter domicilios ficticios en Galicia, asinar declaracións de xornadas de 8 horas cando poden chegar até as 20

ou contratacións camufladas de falsos/as autónomos/as. Por se fose pouco, hai constantes vulneracións en materia de prevención e seguridade laboral.

No marco desta problemática, e coa intención de socializar as condicións padecidas por este colectivo, a CIG detivo o pasado 19 de outubro as obras do túnel do AVE en Cerdedeiro (Laza), unha acción que se suma á denuncia en fase de dilixencias previas que procura responsabilidades penais ante o “desleixo absoluto” das Administracións nesta cadea de sinistralidade.

#NinUnhaMáis: o IV Encontro Nacional de Mulleres celebrarase en Compostela o 22 de novembro

O vindeiro 22 de novembro, vaise celebrar na EGAP de Compostela o IV Encontro Nacional de Mulleres da CIG, como antesala do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o día 25 dese mes. Este ano, a campaña da central sindical desenvólvese baixo o lema “Fartas do acoso e da violencia machista” e irá acompañado do cancelo “#NinUnhaMáis”.

A escolla de #NinUnhaMáis, explica a secretaria confederal de Mu-

lleres, Margarida Corral, obedece á necesidade de esixir “que non haxa unha muller máis acosada no traballo, agredida física, psicolóxica ou sexualmente, nin unha máis que sufra violencia económica, patrimonial, simbólica, obstétrica ou institucional”.

O encontro servirá para facer balance das accións levadas a cabo pola CIG contra as discriminacións por razón de xénero no mundo do traballo desde a histórica folga de

mulleres, no marco dunha campaña sostida no tempo a través da cal se pretende identificar, denunciar, sensibilizar e combater as discriminacións que sofren as mulleres, polo feito de selo, no mundo laboral. Mais tamén para facer unha análise da actual situación política e laboral e, ao tempo, abordar o debate e a posta a punto das propostas do feminismo de clase para preparar unha nova xornada de loita o vindeiro 8 de Marzo.

Mobilizármonos para recuperar dereitos!

As reformas laborais, das pensións e da negociación colectiva e as nefastas políticas económicas impostas co pretexto da crise deterioraron as condicións de traballo en Galiza, provocando a proliferación dos baixos salarios e dos contratos de escasa duración ou a tempo parcial; as cadeas interminábeis de subcontratación; a perda de poboación activa a causa da emigración e o envellecemento da poboación ou a caída do poder adquisitivo en máis dun 15%.

A porcentaxe de desemprego diminúe nos indicadores oficiais porque perdemos poboación activa, e esa perda dáse fundamentalmente na franxa entre os 25 e os 45 anos. A xente nova emigra porque é a única alternativa que atopa.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, responsabiliza desta situación tanto ao Goberno galego, pola súa "inacción", como ao Goberno español, por se limitar á propaganda. Gobernos aos que acusa de "ter nula vontade para reverter as políticas neoliberais que nos teñen conducido a unha situación de empobrecemento xeneralizado".

Así o confirmaba, de feito, a ministra de Economía, que asegurou que o PSOE manterá a reforma laboral de 2012 polos seus "resultados positivos, ao dotar de maior flexibilidade o mercado laboral" e que se limitará a introducir "pequenos axustes".

Fronte a isto a CIG chama á mobilización da clase traballadora galega para exixir "que se produzan cambios



reais" e demanda un calendario inmediato de actuacións para recuperar os dereitos roubados, favorecer a creación de emprego de calidade e combater o aumento da pobreza, precariedade e explotación, alén de por fin á lacra da emigración.

Reivindica a inmediata derrogación das contra-reformas tanto laborais como das pensións e da negociación colectiva. "A non derrogación destas reformas, nomeadamente a laboral, deixa as traballadoras/es indefensas/os en casos como o de Alcoa", denuncia Carril, "porque o Goberno carece de mecanismos que antes si tiña para frear o ERE".

Por iso a CIG continuou as mobilizacións en outubro, con concentracións de xubilados/as e pensionistas, asembleas de delegados/as e concen-

tracións en todas as comarcas e así o seguirá facendo, tanto nas rúas como a través da negociación colectiva. Mobilizacións nas se advertiu que as solucións non virán nin por concesión do poder nin a través da chamada concertación social, que ten como último exemplo o IV Acordo Marco de Negociación Colectiva entre UGT, CCOO e patronal, co entusiasta apoio do Goberno do PSOE e do anterior, do PP.

Carril denuncia que o sindicalismo pactista favorece a perpetuación das contra-reformas, afianza o empobrecemento e a explotación e perpetúa unha situación social sen saída, afirmando que "a CIG non vai caer nin na resignación, nin na inacción, nin na pasividade: seguimos apostando pola mobilización como único camiño para avanzar na recuperación dos dereitos".

COA CIG SOMOS MÁIS FORTES

28 de novembro eleccións sindicais
sector do aforro

- Recuperación dos salarios, para homologar as condicións ás do resto do sector.
- Rexistro da xornada e a fin das horas extras ilegais.
- Igualdade retributiva e de oportunidades na carreira profesional.
- Dignificación profesional e contra as agresivas políticas comerciais.
- Medición da carga de traballo, para que poida realizarse dentro da xornada laboral.
- Emprego estábel, fronte aos despedimentos por baixo rendemento e a política do medo.

**Porque é a hora dun sindicalismo forte,
decidido e combativo, ao teu servizo!**

vota

